

PUBLICACIÓN ACORDO XGL

TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 21 de outubro de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“4.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS

4.2.- Subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2024.

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 3 de xuño de 2024 foron aprobadas as "Bases xerais reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade deportiva durante o ano 2024", e as "Bases específicas da convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2024"; publicadas no Bop da provincia de A Coruña nº 112, do 11 de xuño de 2024.

Posteriormente publicouse no Bop da provincia de A Coruña nº 122, de 26 de xuño de 2024, o correspondente extracto, relativo á Base Nacional de Datos de Subvencións, e rematou o prazo de presentación de solicitudes o 16 de xullo de 2024.

A totalidade das solicitudes referidas nesta resolución foron presentadas dentro do prazo establecido na convocatoria.

De acordo coa base 9 das Bases reguladoras Xerais, por decreto de alcaldía 2730/2024 do 25 de setembro, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa xuntanza o día 26 de setembro de 2024, da que se emitiu acta e na cal se fomulou proposta de resolución provisional. Consta no expediente o informe do técnico de deportes.

Vista a acta da xuntanza e a proposta de resolución provisional, a Alcaldía resolveu por decreto 2795/2024 de data 1/10/2024, entre outras, conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2024, e conceder un prazo de dez días hábiles para comunicaren, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentaren alegacións.

Transcorrido o prazo, non se recibiron alegacións.

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Deportes e Participación Cidadá de 16/10/2024, no expte. 2024/A002/000013, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (6), acorda:

Primeiro.- Incrementar o importes global correspondente ás "Bases específicas da convocatoria de subvencións para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades extraordinarias durante o ano 2024", por importe de 1.000,00 € acadando así un importe global de 11.000,00 €, visto que unha vez resolta con anterioridade a "Convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2024" non se acadou o gasto máximo previsto existindo un importe excedente de 10.769,00 €, e prevendo as bases das convocatorias que o importe do crédito destinado ás mesmas, poderá incrementarse nunha contía adicional sen necesidade de nova convocatoria respectando os límites e condicións establecidos no

PUBLICACIÓN ACORDO XGL

TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

artigo 58 do Real decreto 887/2206, do 21 de xullo, e no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A intervención municipal realizará os oportunos trámites.

Segundo.- Conceder as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2024 ás entidades que se relaciona no Anexo 1, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor, sendo o importe total de 11.000,00 €.

Terceiro.- Ordear a notificación ós interesados propostos como beneficiarios na forma prevista na Lei39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, para que no prazo de dez días comuniquen a aceptación ó Concello de Carballo, advertindo de que transcorrido o prazo sen terse producido a aceptación expresa, a subvención entenderase tácitamente aceptada.

Cuarto.- Ordear a publicación deste acordo no Taboleiro de Anuncios do Concello de Carballo.

Quinto.- No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Ley 38/2003, general de subvenciones, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de Datos Nacional de Subvenciones información sobre a concesión desta subvención ós respectivos beneficiarios.

Anexo 1.- Subvencións concedidas para para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2024.

Subvencións concedidas para o financiamento de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2.024.						
Nº	Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos	Importe Subvención	Orzamento mínimo a xustificar
1	Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	II Memorial Pedro Luis Fernández	62,58	1.428,81 €	2.857,62 €
2	Chong Taekwon-Do Carballo	G70752472	Campionato Taekwondo Liga Fite Galicia	53,45	1.220,35 €	2.277,99 €
3	Club Ciclista Monteneme	G15861271	XX Marcha Costa da Morte	82,45	1.500,00 €	9.500,00 €
4	Club Rítmica Carballo	G13716360	I Gala de Verán Rítmica Carballo	40,00	474,00 €	790,00 €
5	Club Rítmica Carballo	G13716360	II Gala Nadal Rítmica Carballo	32,61	420,00 €	700,00 €
6	Club Rítmica Pangea Carballo	G56150816	II Fase Liga Provincial A Coruña Ximnasia Rítmica	38,00	867,61 €	1.249,36 €
7	Club Xadrez O Toque Xiria Carballo	G70072582	I Torneo Escolar Concello de Carballo	46,50	1.000,00 €	1.700,00 €
8	Club Xadrez O Toque Xiria Carballo	G70072582	VII Aberto Concello de Carballo Clásico	56,49	1.289,77 €	2.773,01 €
9	Judo Club Bergantiños	G70457411	Campionato do Nadal 2024	45,44	1.037,46 €	1.482,18 €

PUBLICACIÓN ACORDO XGL

TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Subvencións concedidas para o financiamento de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2.024.						
Nº	Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos	Importe Subvención	Orzamento mínimo a xustificar
10	Salvamento y Socorrismo Carballo	G15171911	Carlos Servando Memorial 2024	35,28	1.303,00 €	1.874,82 €
11	S.D. Oza	G70597760	4º Triangular SD Oza	57,07	459,00 €	719,00 €
				Total	11.000,00 €	

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretaria

Marina Núñez Orjales